



CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA “REVERIANO SOUTULLO” PONTEAREAS



**PROGRAMACIÓN DEPARTAMENTO
DE MUSICOLOGÍA**

MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

Programación oficial LOE 2014/2015
(segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007)

1. OBXECTIVOS

a) Apreciar e valorar as manifestacións musicais de tradición oral como parte do patrimonio cultural, estendendo a súa diversidade e amplitude.

b) Manexar as ferramentas conceptuais que se recollen nos estudos de etnomusicoloxía, abordando os seus significados teóricos desde o punto de vista antropológico.

c) Proporcionar unha aproximación á historia da música tradicional en Galicia, incidindo nas fontes impresas e fonográficas como parte substancial do patrimonio musical galego.

d) Introducirse na investigación etnomusicolóxica mediante o coñecemento dos parámetros formais da música de tradición oral como metodoloxía básica do seu estudo

e) Coñecer os principais xéneros da música tradicional galega con vistas a ampliar a concepción sobre a riqueza desta música.

f) Coñecer os principais instrumentos da música tradicional galega, o seu funcionamento a nivel morfolóxico e as súas capacidades a nivel funcional, incluíndo os grupos e repertorios mais habituais.

g) Participar como instrumentistas en diversas actividades prácticas con repertorios dos estudados ao longo do curso, coa finalidade de manexar os parámetros formais que caracterizan a música tradicional galega.

h) Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios que contribúen a ampliar e completar a formación musical, relacionando coñecementos de diversa índole (técnicos, científicos, sociais, históricos) adquiridos de forma autónoma (lecturas, investigacións..) noutras materias, ou ben a través da propia experiencia cotiá.

i) Contribuír á formación de criterios no alumnado á hora de estudar as diferentes manifestacións musicais, así como culturais, propias de Galicia, e valoralas asumindo un rol activo na súa investigación, recollida e transmisión.

2. CONTIDOS

- Orixes do estudo de músicas distintas á tradición culta europea.
 - Comentario de texto, debate e explicación.

- Correntes e enfoques na Etnomusicoloxía.
 - Comentarios de texto, debate e explicación

- Taxonomías: popular, folclórica, tradicional, tribal, aborixe, primitiva. Conceptos: relativismo cultural, etnocentrismo, emic, etic, observación participante, folclorismo, folclorización e revivalismo.
 - Comentario de texto, debate e explicación.
- Estudo da música tradicional galega desde Galicia. Antes dos ss. XIX-XX. Antecedentes no pensamento dos humanistas galegos. Os Precursores, o Rexurdimento e a música tradicional.
 - Comentario de texto ou audiovisual, debate e explicación.
- Estudo da música tradicional galega desde Galiza. Casto Sampedro e o *Cancioneiro Musical da Galiza*. Xesús Bal y Gay e o *Cancioneiro Galego*. Dorothe Schubart e *Cancioneiro Popular Galego*. Outros cancioneros.
 - Comentario de texto ou audiovisual, debate e explicación.
- Estudo e análise da música instrumental e vocal dos cancioneros. Estudo dos criterios de clasificación nos cancioneros galegos.
 - Explicación e análise de 2 melodías dalgúns dos 3 cancioneros máis representativos.
- Organoloxía. Instrumentos empregados no contexto da música tradicional galega a partir do s. XIX.
 - Explicación e visualización simultánea de material audiovisual.
- Procesos de transculturación, aculturación e o uso da música tradicional na sociedade urbana no s. XX. Repertorio e agrupacións.
 - Explicación, escoita e/ou visualización de material audiovisual.
- O Franquismo. As Misións Pedagóxicas e a Sección Feminina.
 - Visualización de material audiovisual e explicación
- O nacemento e o desenvolvemento do folk.
 - Comentario de texto ou audiovisual , debate e explicación.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

3.1. Procedemento ordinario

Realizarase unha avaliación continuada. Na avaliación terase en conta unha participación activa do alumno e a elaboración en tempo e forma dos traballos requeridos polo profesor en base aos contidos propostos. Asemade, atenderase aos seguintes criterios:

1- Definir, empregando un léxico apropiado, as particularidades teóricas de cada concepto tratado, explicando o proceso que leva ao xurdimento de cada un e referíndose a eles de forma correcta. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e

describir os conceptos que informan a base teórica da música tradicional, así como para designar os procesos que desenvolven cada postulado teórico.

2- Explicar empregando un vocabulario axeitado, as características fundamentais de cada período da historia da música tradicional galega establecendo a súa relación coa sociedade no espazo cronolóxico pertinente. Con este criterio avaliarase a capacidade do alumnado de establecer relacións globais entre as disciplinas asociadas ao estudo científico da música, tales como a historia, a socioloxía, a antropoloxía ou a etnografía, seguindo os criterios empregados na etnomusicoloxía desde os seus inicios ata os nosos días.

3- Recoñecer a través da análise, auditiva ou visual, as características básicas das diferentes fontes que conforman o patrimonio da música tradicional galega, establecendo os parámetros sociais que deron lugar a súa aparición e situándoas nas súas coordenadas xeográficas-temporais. Este criterio avalía a capacidade do alumno para captar as características propias das diversas fontes tratadas, os distintos estilos, contextos e as súas peculiaridades desde un pensamento crítico, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

3.2. Procedemento alternativo

O procedemento alternativo de avaliación está pensado para os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua, por faltas de asistencia, ou pola non realización ou realización incorrecta dos traballos propostos no espazo temporal requerido.

	FALTAS XUSTIFICADAS		FALTAS SEN XUSTIFICAR		
	Por trimestre	Total Curso	Por trimestre	Total Curso	
Materia de 1 Sesión Semanal	3	9	Materia de 1 Sesión Semanal	2	6

O procedemento alternativo consistirá na realización de probas que permitan controlar a evolución do alumno conforme aos obxectivos e contidos da programación. Contémplanse dous tipos de probas:

- a) Trimestral: será aplicada cando un alumno perda o dereito á avaliación continua do trimestre
- b) Fin de curso: será aplicado cando un alumno perda o dereito á avaliación continua do curso.

3.3. Exames extraordinarios de setembro

Para aqueles alumnos que non superen o curso no mes de xuño, farase unha proba setembro, para a cal se avaliará o temario do curso enteiro.

4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En vistas a realizar unha cualificación obxectiva, para o cálculo da nota final establecemos dous parámetros:

- a) Asistencia e participación activa na clase: 30 %
- b) Elaboración dos traballos: 70 %

Para a superación da materia a media entre os dous apartados debe superar a cualificación de 5.